

web desta consellería, as listas provisionais de solicitudes admitidas e excluídas presentadas ao abeiro do punto sétimo, alínea b), da citada Resolución do 1 de abril de 2005, recibidas a partir do 28 de outubro de 2008 e que cumpren os requisitos do acordo dentro do prazo de vixencia deste.

Segundo.-Informar que contra estas listas provisionais os interesados poderán presentar reclamacións e achegar os documentos e xustificantes que crean pertinentes no prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, ante a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo San Caetano, bloque II, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2009.

María José Pérez Mariño
Directora xeral de Ordenación e Innovación
Educativa

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 17 de abril de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva das axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros, financiadas co Fondo Europeo da Pesca, e se convocan para o exercicio 2009.

O 1 de xaneiro de 2007 entrou en vigor o Regulamento (CE) nº 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo, relativo ao Fondo Europeo da Pesca (FEP), que substitúe o Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP) e define o marco de apoio comunitario a favor do desenvolvemento sustentable do sector pesqueiro.

Entre outras medidas, cuxa finalidade específica é a promoción dun equilibrio sustentable e duradeiro entre os recursos acuáticos e a capacidade de pesca da flota pesqueira, o Fondo Europeo da Pesca regula as condicións nas que se poderán outorgar as axudas destinadas á adaptación da flota pesqueira e, concretamente, ás que se concedan como consecuencia da paralización definitiva das actividades de pesca de buques pesqueiros.

Así, no artigo 21 do citado Regulamento determínase que se poderán establecer axudas públicas financiadas polo FEP para os propietarios de buques e os pescadores afectados por plans nacionais do

axuste pesqueiro, nos casos en que estes formen parte de:

i) Os plans de recuperación indicados no artigo 5 do Regulamento (CE) 2371/2002.

ii) As medidas de urxencia indicadas nos artigos 7 e 8 do Regulamento (CE) 2371/2002.

iii) A non renovación dun acordo de pesca entre a comunidade e un terceiro país, ou unha redución importante das posibilidades de pesca en virtude dun convenio internacional ou outro tipo de acordo.

iv) Plans de xestión indicados no artigo 6 do Regulamento (CE) 2371/2002.

v) Medidas indicadas nos artigos 9 e 10 do Regulamento (CE) 2371/2002.

vi) Plans nacionais de desmantelamento que formen parte das obrigas establecidas nos artigos 11 a 16 do Regulamento (CE) 2371/2002 sobre o axuste da capacidade da flota pesqueira comunitaria; neste marco regulamentario, e sen prexuízo da concreción dos plans nacionais de desmantelamento no Programa Operativo que, de acordo con artigo 17 do Regulamento do FEP, ten que presentar o Estado membro á Comisión Europea, cómpre establecer as bases reguladoras, determinar os créditos dispoñibles e abrir prazo de presentación de solicitudes para as axudas destinadas aos propietarios de buques pesqueiros que paralicen definitivamente a súa actividade pesqueira como consecuencia dalgún dos supostos previstos no artigo 21 do citado regulamento.

En aplicación da normativa comunitaria citada, sen prexuízo da súa adaptación á normativa da Administración xeral do Estado que se poida promulgar nesta materia, mediante esta orde reguláanse as bases que rexerán para axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros na Comunidade Autónoma de Galicia durante o período de vixencia do Programa Operativo do Fondo Europeo da Pesca, cuxas prioridades e obxectivos están establecidos no Plan estratéxico nacional e que se integran no documento de programación (Programa Operativo) aprobado pola Comisión Europea mediante Decisión C(2007) 6615, do 13 de decembro de 2007.

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, tendo en conta a aplicación práctica das anteriores bases reguladoras destas axudas aprobadas por Orde do 23 de abril de 2008 (DOG nº 84, do 2 de maio), considera necesario arbitrar un mecanismo que permita adoptar medidas para facilitar a adaptación da flota pesqueira ás novas condicións sociais e económicas con garantías de sustentabilidade.

En orde a unha maior comprensión e para facilitar a consulta e manexo por parte dos interesados, publícase íntegro o contido das bases reguladoras, que substitúen as aprobadas por orde da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos do 23 de abril de 2008.

Por todo isto, e de acordo co disposto no artigo 30.1.º3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das competencias que me confire a Lei 1/1983,

do 22 de febreiro, reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e demais normativa de aplicación,

DISPÕÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e o procedemento de concesión das axudas á paralización definitiva das actividades de pesca de buques pesqueiros, con porto base na Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 23 do Regulamento (CE) 1198/2006, do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Pesca, para o período 2007-2013, así como proceder á súa convocatoria para o exercicio 2009.

Artigo 2º.-Finalidade das axudas.

A finalidade das axudas desta orde é lograr un equilibrio sustentable entre os recursos pesqueiros e a súa explotación a través da redución do esforzo pesqueiro e de acordo cos obxectivos da política pesqueira común dos plans nacionais de desmantelamento e coas disposición dos programas de orientación plurianual para as flotas pesqueiras.

Artigo 3º.-Marco normativo.

Para o outorgamento e execución destas axudas haberá que atermos ao disposto nas bases reguladoras establecidas nesta orde así como nas seguintes normas:

a) Regulamento 1198/2006, do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Pesca, e resto de disposicións comunitarias aplicables.

b) Preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

c) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, coas súas posteriores modificacións.

f) Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

g) Se é o caso, normativa reguladora da tramitación anticipada de expedientes de gasto (orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001).

h) Normativa básica que dite o Estado relativa a estas axudas.

Artigo 4º.-Crédito orzamentario.

1. As axudas concederanse con cargo ás aplicacións orzamentarias que, en cada un dos anos de vixencia do Programa Operativo FEP 2007-2013,

sinale a correspondente Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

En cada anualidade sucesiva ata o ano 2013 fixarase mediante unha orde complementaria o crédito anual existente.

2. Os importes fixados en cada convocatoria, así como as aplicacións ás que se imputen, poderanse ampliar con fondos incorporados e remanentes adicionais, así como procedentes de modificacións orzamentarias, sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa en contrario na orde que se publique para o efecto.

As axudas estarán limitadas en todo caso ás disponibilidades orzamentarias.

3. Para o ano 2009 as axudas concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 14.03.723A.770.1 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para ese ano. O crédito máximo de concesión destas subvencións neste ano será de 7.047.849 euros.

Artigo 5º.-Requisitos xerais dos beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas os propietarios de buques pesqueiros de dez anos de antigüidade ou máis que paralicen definitivamente a actividade pesqueira.

2. Non poderán ser beneficiarios destas axudas as persoas nas que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Os solicitantes da axuda deben estar ao día das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. A presentación da solicitude suporá a autorización ao órgano xestor destas axudas para obter dos organismos competentes os certificados de que se atopa ao día no cumprimento das ditas obrigas. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puideran ser obtidos polo órgano xestor, poderán serlles requiridos ao interesado.

4. Os requisitos exixidos na normativa básica do Estado non sinalados nos puntos anteriores.

5. O buque para o cal se solicita a paralización definitiva ten que estar incluído nun plan do axuste do esforzo pesqueiro.

6. Se ao longo do exercicio orzamentario se aprobasen novos plan de axuste do esforzo pesqueiro, e existise crédito orzamentario suficiente, abrirase un novo prazo de presentación de solicitudes para as embarcacións que estean concernidas polos ditos plans.

Artigo 6º.-Requisitos específicos e condicións.

Sen prexuízo do requisitos xerais sinalados no artigo 5º, para acollerse á paralización definitiva deberán cumprirse os requisitos e condicións seguintes:

a) Requisitos.

1. O barco suxeito de paralización definitiva deberá ter unha antigüidade mínima de dez anos.

2. O barco deberá ter unha actividade pesqueira mínima de 90 días de pesca en cada un dos dous períodos de doce meses anteriores á data de solicitude de paralización definitiva ou 120 días de pesca nos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude de paralización definitiva.

A actividade do barco cóntase de dúas maneiras:

-Desde a data de presentación da solicitude ou

-Desde a data do depósito do rol de xeito continuado acreditado mediante o certificado da capitanía marítima onde teña o seu porto base, sempre que o dito depósito se faga no ano da convocatoria en vigor. Neste suposto o interesado deberá remitirle á Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca, escrito no que manifeste a súa vontade de paralizar o barco e a data do depósito do rol na capitanía marítima correspondinte.

3. Que, ao solicitar a axuda, o buque estea libre de cargas e gravames, salvo que a súa cancelación estea suficientemente garantida ou se presente autorización expresa da entidade crediticia para solicitar esta axuda.

4. Que non se achegara o buque como baixa para unha nova construción ou modernización.

b) Condicións.

1. Antes da paralización definitiva, o buque deberá estar inscrito no Censo da Flota Pesqueira Operativa e no Rexistro de Buques da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. No momento da decisión de concesión da axuda, o buque deberá estar en activo. Considerase que o barco está en activo cando estea inscrito como alta no Censo da Flota Pesqueira Operativa.

3. Unha vez producida a paralización definitiva, a licenza de pesca deberá ser anulada e o buque deberá ser definitivamente excluído do rexistro comunitario de buques pesqueiros.

Artigo 7º.-Obrigas dos beneficiarios.

1. Os beneficiarios, ao formalizaren a súa solicitude, sométense voluntariamente ao cumprimento das condicións que se establecen nesta orde para a concesión e pagamento das subvencións, así como ao cumprimento dos requisitos estipulados na normativa de aplicación a estas.

2. Os beneficiarios deberán cumprir as seguintes obrigas:

a) Executar as actuacións obxecto da subvención dentro dos prazos máximos que se establezan na respectiva resolución de concesión con cumprimento das condicións e prescricións establecidas nela, nesta orde de convocatoria ou demais normativa de aplicación, de forma que se poida realizar a comprobación documental na materia.

b) Acreditar mediante declaración responsable, que non teñen pendente de pagamento ningunha obriga por reintegro de subvencións.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que van ser efectuadas polo órgano concedente ou calquera outra

comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competente, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicar á consellería a obtención doutras subvencións e axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente, tanto públicos como privados.

e) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se encontra ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de cinco anos desde a percepción do último pagamento, para os efectos de comprobación e control.

g) Os beneficiarios quedan obrigados a comunicar á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos calquera circunstancia que poida afectar substancialmente á execución dos fins para os que foi concedida a axuda de que se trate.

h) O beneficiario terá a obriga de darlle a adecuade publicidade ao carácter público do financiamento do investimento realizado con expresa mención á participación do fondo FEP, nos termos regulamentariamente establecidos.

Artigo 8º.-Contía das axudas.

1. A contía das axudas está condicionada en todo caso á existencia de dispoñibilidades orzamentarias.

A contía das axudas será como máximo as seguintes:

a) Prima por despezamento:

Categoría do buque por tonelaxe (GT)	Importe máximo da prima (euros)
0<10	11.500*GT+2.100
10<25	5.250*GT+65.100
25<100	4.410*GT+86.100
100<300	2.835*GT+243.600
300<500	2.310*GT+401.100
500 ou máis	1.260*GT+926.100

b) Prima no caso de que o buque se destine a tarefas non pesqueiras de carácter non lucrativo: mesmo baremo que o despezamento.

c) Prima no caso de que o buque se destine a tarefas non pesqueiras de carácter lucrativo: os importes máximos da prima por despezamento reduciranse nun 50%.

2. Os importes máximos veranse reducidos nun 1% por cada ano que sobrepase os vinte anos ata un máximo de 30 anos ou máis.

3. A contribución pública a esta axuda poderá chegar ao 100%.

4. As primas por paralización definitiva non serán acumulables con outra axuda comunitaria. Estas primas reduciranse:

-Nunha parte do importe percibido anteriormente no caso de axuda á modernización. Esta parte calcu-

larase proporcionalmente ao tempo transcorrido desde o remate dos traballos de modernización e a solicitude de paralización, no período de cinco anos precedentes á paralización definitiva.

-No caso de perda do buque entre o momento da concesión da axuda e a paralización definitiva real, efectuarase unha corrección financeira equivalente á indemnización pagada polo seguro.

Artigo 9º.-*Compatibilidade das axudas.*

1. As axudas establecidas nestas bases reguladoras serán compatibles con calquera outra concedida por outras administracións públicas ou por entidades públicas ou privadas, sempre que non teñan financiamento parcial ou total de fondos procedentes doutro instrumento financeiro comunitario e a suma total das axudas non supere a porcentaxe máxima fixada no regulamento do FEP para a contribución pública.

2. No suposto de que a suma de todas as axudas supere os ditos límites, procederase por resolución do órgano concedente, á minoración da axuda concedida.

Artigo 10º.-*Solicitudes e tramitación.*

1. A solicitude presentarse de acordo co modelo do anexo I desta orde nas delegacións territoriais ou comarcais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos ou en calquera das oficinas ás que se refire o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes incluírán un exemplar orixinal e dúas copias debidamente compulsadas da documentación que se relaciona a seguir:

a) Acreditación da personalidade.

a.1) Se o propietario é unha persoa física.

i) Copia cotexada do DNI do propietario do buque.

a.2) Se o propietario é unha persoa xurídica deberá achegarse.

i) Copia cotexada da tarxeta fiscal.

ii) Copia cotexada do DNI do representante.

iii) Certificación rexistral actualizada na que figure a constitución da sociedade e os estatutos vixentes.

iv) Poder suficiente do representante no caso de que tal poder non figure na certificación rexistral do punto iii).

a.3) Se o propietario é unha pluralidade de persoas sen personalidade xurídica:

i) A solicitude normalizada conterá a designación dun representante e será subscribida por todos os propietarios.

ii) Copia cotexada do DNI de cada un dos propietarios da embarcación.

iii) Compromiso de execución asumido por cada membro da agrupación de persoas.

iv) Compromiso de non disolución da agrupación ata que transcorra o prazo de catro anos desde a concesión da axuda.

v) A certificación bancaria debe ser dunha conta na que sexan titulares todos os integrantes da agrupación.

b) Certificación do Rexistro Mercantil no que conste a titularidade e o estado de cargas ou gravames do barco.

c) Certificación de despachos, expedida pola Capitanía Marítima correspondente, acreditativa de que o buque foi despachado para a actividade pesqueira exixida no artigo 6º a) 2.

d) Copia certificada e actualizada da folia de asento da inscrición marítima do buque.

e) Relación de pescadores que formen parte da tripulación do buque obxecto da solicitude de paralización cos NIF e número de afiliación no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, no momento do pedimento da axuda, conforme o modelo do anexo II acompañada da fotocopia compulsada da inscrición dos tripulantes no rol de dotación do buque. No suposto de que no momento da convocatoria das axudas o buque estivese faenando en caladoiros afastados, presentarse certificación da capitanía marítima coa relación da tripulación enrolada a bordo.

f) Certificación bancaria da conta da que sexa titular o solicitante na que se faga constar o código da entidade e da sucursal e o número de conta. No caso de que o solicitante sexa unha pluralidade de persoas, todas elas deberán ser titulares da conta bancaria.

g) Anexo III de declaración doutras axudas.

h) Anexo IV de compromiso de retirada da actividade pesqueira.

3. O prazo de presentación de solicitudes será o que marque cada convocatoria. No ano 2009 o prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houbese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

4. As delegacións territoriais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, no seu carácter de órgano instrutor destes expedientes, analizarán os expedientes, requirirán a documentación necesaria, se é o caso, e emitirán un informe relativo ao cumprimento dos requisitos da convocatoria. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase o interesado para

que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se terá por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución.

5. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse ao solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións que resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

6. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas que, se é o caso, se produzan, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo 12º. Para estes efectos, as delegacións territoriais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos elaborarán un informe á vista do cal o Servizo de Flota da Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca analizará e clasificará os proxectos de acordo aos criterios fixados nas bases.

7. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instructor para que formule a proposta de resolución de non admisión, na que se indicarán as causas que a motivan.

8. Unha vez feita a selección, o órgano xestor elaborará unha proposta de expedientes priorizada e ata onde cheguen as dispoñibilidades orzamentarias. A dita proposta remitirase á Secretaría Xeral do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño. Acadado o acordo entre ambas as administracións, se procedera á resolución das solicitudes seleccionadas.

Artigo 11º.-*Subrogación.*

1. Como norma xeral non se admitirá a subrogación dun novo propietario do barco na condición de solicitante ou beneficiario das axudas salvo por falecemento ou porque o novo sexa resultante dun proceso de fusión, un cambio de denominación da empresa ou transformación do tipo de sociedade. Deberíase indicar que o que se subroga debe reunir as condicións para ser beneficiario que se exixiron ao comezo. En todos os casos, deberase contar coa autorización previa da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

2. En calquera caso, o novo beneficiario deberá cumprir os requisitos desta orde e asumir as obrigas derivadas da concesión.

Artigo 12º.-*Comisión de avaliación.*

1. Os expedientes serán avaliados por unha comisión de avaliación, que poderá solicitar a documentación ou informes que considere necesarios para a súa avaliación constituída na Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca cuxa composición é a seguinte:

Presidente: director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca.

Vogais: un funcionario adscrito á Dirección Xeral de Estruturas e Mercados da Pesca designado polo presidente e os xefes do Servizo de Estruturas e Mercados da Pesca de cada unha das delegacións territoriais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

En caso de imposibilidade de asistir a algunha das sesións, os membros do órgano colexiado poderán ser substituídos pola persoa que designe o presidente.

2. No informe que formule a comisión figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención, indicándose a avaliación que lles corresponde segundo os criterios fixados no artigo seguinte. Así mesmo, indicárase o importe da subvención para cada un deles.

3. Establecerase unha lista de reserva con aquelas solicitudes que, reunindo os requisitos establecidos na orde de convocatoria, non acadasen a puntuación necesaria para ser seleccionados por falta de crédito.

4. O presidente da comisión de avaliación elevará proposta de resolución ao órgano concedente quen ditará a correspondente resolución de concesión logo da preceptiva fiscalización do gasto.

Artigo 13º.-*Criterios de selección.*

1. Os criterios de selección de expediente serán con carácter xeral os seguintes:

a) A integración do buque nun plan de redución do esforzo pesqueiro para a recuperación dos recursos pesqueiros: 20 puntos.

b) Restricións impostas pola non renovación dun acordo de pesca entre a Unión Europea e un terceiro país: 15 puntos.

c) Acumulación de dereitos de pesca na mesma empresa: 10 puntos.

d) Redución importante das posibilidades de pesca en virtude dun convenio internacional ou outro tipo de acordo: 5 puntos.

e) A integración do buque nos demais plans de axuste do esforzo pesqueiro: 3 puntos.

f) Idade do buque: desde os 20 e ata un máximo de 50 anos: 1 punto por ano.

g) En caso de empate terá prioridade o buque máis antigo.

h) De manterse o empate terá prioridade o buque de máis arqueo.

En cada convocatoria precisaranse aqueles que serán aplicables e/ou outros adicionais, se é o caso.

Artigo 14º.-*Resolución e notificación.*

1. A resolución dos expedientes correspóndelle á conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos que poderá delegar a devandita competencia no director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca.

2. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución da axuda será de seis meses desde a data de publicación desta orde de convocatoria de axudas no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o prazo sen

resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes, de conformidade co disposto no artigo 44 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. En función das disponibilidades orzamentarias adicionais, derivadas da renuncia de subvencións propostas, de modificacións de resolucións de outorgamento, de incremento do crédito destinado a este fin, poderanse emitir sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo. Para o efecto existirá unha relación ordenada de todas as solicitudes que, cumprindo coas condicións establecidas nas bases reguladoras para adquirir a condición de beneficiarias, non foran admitidas por falta de crédito, con indicación da puntuación outorgada a cada unha delas en función dos criterios de valoración.

4. A resolución seralle notificada ao solicitante que terá un prazo de dez días hábiles a partir do seguinte ao da súa notificación para a súa aceptación. Transcorrido este prazo sen producirse manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a axuda.

5. Aquelas solicitudes que non puidesen ser atendidas no período correspondente, exclusivamente por falta de disponibilidades orzamentarias, poderán ser tomadas en consideración no período seguinte, logo de confirmación polo solicitante e sen que isto supoña preferencia ningunha como criterio de selección.

Artigo 15º.-*Recursos.*

Contra a resolución que se dite, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante a conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao da súa notificación ou de tres (3) meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, por silencio administrativo negativo, segundo sexa o caso, ou recurso contencioso-administrativo perante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación ou de seis (6) meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, por silencio administrativo negativo, segundo o caso.

Todo isto sen prexuízo de que o interesado poida interpor calquera outro que considere pertinente.

Artigo 16º.-*Alteración das condicións da resolución de concesión.*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en particular, a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos privados, nacionais ou internacionais e o incumprimento dos prazos de materialización da paralización definitiva, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 17º.-*Forma de materialización da paralización definitiva e prazo.*

1. A paralización definitiva das activades pesqueiras dun buque pesqueiro só poderá lograrse mediante:

a) O despezoamento ou afundimento substitutorio do buque pesqueiro.

b) Asignación definitiva a actividades non relacionadas coa pesca.

c) Reconversión para crear arrecifes artificiais logo de avaliación do impacto ambiental e do cumprimento dos obxectivos que se indican no artigo 38, punto 2, letra a) do Regulamento do Fondo Europeo da Pesca.

2. O prazo para a materialización do despezoamento sinalarase na correspondente resolución de concesión da axuda, non excedendo en calquera caso de seis meses desde a data de notificación da subvención.

Excepcionalmente poderá concederse unha prórroga por resolución do órgano concedente, que deberá solicitarse dentro do prazo de execución indicado na resolución. A solicitude de prórroga deberá presentarse por escrito, estar suficientemente motivada e deberase depositar un aval dun cinco por cento do importe da prima concedida que será depositado na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Economía e Facenda.

Unha vez comprobada a materialización da paralización, a garantía será liberada.

Artigo 18º.-*Xustificación e pagamento da axuda.*

1. O pagamento da axuda por paralización definitiva, realizarase unha vez presentada a seguinte documentación:

a) Acreditación da materialización da paralización definitiva:

-No caso de despezoamento: certificación da capitánía marítima correspondente acreditativa de que o buque foi efectivamente despezado e baixa no Censo da Flota Operativa.

-No caso de reconversión para actividades non relacionadas coa pesca: baixa no Censo da Flota Operativa e resolución de autorización de materialización da paralización mediante a súa asignación definitiva a actividades non relacionadas coa pesca.

-No caso de reconversión para crear arrecifes artificiais: baixa no Censo da Flota Operativa e autorización do órgano que sexa competente.

b) Acreditación de ter notificado formalmente a todos os tripulantes a concesión da axuda por paralización definitiva do buque, mediante a presentación do documento de comunicación que se une como anexo V desta orde, debidamente cuberto, acompañándoa coa fotocopia compulsada da inscrición dos tripulantes no rol do buque no momento do cesamento da actividade pesqueira.

c) Anexo III relativo á declaración doutras axudas.

d) Certificado do Rexistro Mercantil de estar libre de cargas se non foi achegado con base ao sinalado no artigo 6º.

e) Calquera outra documentación que se que se indique na resolución de concesión da axuda.

2. A documentación presentárase preferentemente no rexistro único do edificio administrativo de San Caetano ou en calquera das oficinas ás que se refire o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e constará de orixinal e dúas copias compulsadas.

Artigo 19º.-*Reintegro das axudas.*

1. Procederá o reintegro total ou parcial da subvención concedida e dos xuros de demora correspondentes desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Para o devandito procedemento de reintegro terase en conta o establecido no capítulo II do título II da Lei de subvencións de Galicia.

3. Serán causa de reintegro, de acordo coas directrices comunitarias para o exame das axudas estatais no sector da pesca e da acuicultura (2008/C 84/06), a comisión de infracción polo beneficiario ao dereito comunitario e, en especial, ás normas da Política Pesqueira Común, durante o período cuberto pola subvención. O reembolso das axudas será proporcional á gravidade da infracción cometida.

Artigo 20º.-*Infraccións e sancións.*

Sen prexuízo do establecido nos parágrafos anteriores, aos beneficiarios das axudas reguladas nestas bases, seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no artigo 79 do Decreto legislativo 1/1999 e do R.D. 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 21º.-*Autorizacións do beneficiario.*

1. A presentación da solicitude de concesión de axuda ou subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para incluír e facer público nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións os datos relevantes referidos ás axudas recibidas, así como as sancións impostas conforme o establecido no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. De acordo co establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral de la Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, de estar ao corrente

nas obrigas tributarias e de Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole, estes certificados non puideran ser obtidos polo órgano xestor, poderánlle ser requiridos ao beneficiario.

Artigo 22º.-*Publicidade.*

1. En aplicación do establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas, expresando a convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputan, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.

2. De conformidade co establecido no artigo 13, punto 4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos publicará na súa páxina web oficial (<http://webpesca.xunta.es>) a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Disposicións adicionais

Primeira.-En todo o non previsto nesta orde observarase o disposto na normativa mencionada no artigo 3º (marco normativo), así como nas prescricións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segunda.-Delégase no director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca a resolución destas axudas.

Disposición transitoria

Única.-Unicamente para o exercicio 2009, e para aos efectos de acreditar a actividade do barco tal e como se sinala no artigo 6º, a data desde a cal se computará tal actividade, será, de ser o caso, a do certificado do depósito do rol de xeito continuado, na capitanía correspondente, sempre que sexa con posterioridade ao 2 de xuño de 2008, ou que presentasen solicitude na convocatoria anterior e non fosen seleccionados.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde producirá efectos o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2009.

María Carmen Gallego Calvar
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS
MARÍTIMOS

ANEXO I

UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO
DA PESCA



PROCEDEMENTO AXUDAS AUTONÓMICAS PARA A PARALIZACIÓN DEFINITIVA DE BUQUES PESQUEIROS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PE104D	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

E na súa representación:

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO	PROVINCIA		
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DE SUCURSAL	DÍXITOS CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME DA ENTIDADE	ENDEREZO (RÚA)		
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	

Nome do barco	Matrícula e folio
Asociación ou organización pesqueira, se é o caso:	

AUTORIZO O ÓRGANO XESTOR

- 1) A obter dos organismos competentes os certificados de que a entidade que represento está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e sociais e non ten débedas pendentes de pagamento coa Xunta de Galicia.
- 2) A facer públicos nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, se é o caso.

De conformidade co artigo 13.4º de la Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos publicará na súa páxina web oficial, a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios da su publicación na citada páxina web. En cumprimento do disposto no artigo 5 de la Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informoo de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Regulamento (CE) 1198/2006, do 27 de xullo, relativo ao Fondo Europeo da Pesca.
- Orde do 17 abril de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva das axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros, financiadas co Fondo Europeo da Pesca, e se convocan para o exercicio 2009.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

Lugar e data

, de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE
EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

Relación de tripulantes ao solicitar a axuda

--

--

--	--

tal como se desprende do rol de dotación do barco, e a súa relación nominal é a seguinte:

[illegible]

Lugar e data:

	,	de	de
<i>Sinatura</i>			

ANEXO III

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS

I. SOLICITUDE ☐II. PAGAMENTO ☐

solicitante de subvención para investimentos paralización definitiva do buque pesqueiro

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE SON CERTOS OS DATOS QUE ABAIXO FIGURAN RESPECTO DO FINANCIAMENTO DO PROXECTO**Axudas concedidas:**☐ Non se me concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto☐ Si se me concedeu axuda para este mesmo proxecto

<i>Tipo de axuda</i>	<i>Importe</i>	<i>Convocatoria no diario oficial</i>	<i>Data da convocatoria</i>	<i>Data de resolución</i>	<i>Entidade concedente</i>
☐	☐	☐	☐	☐	☐
☐	☐	☐	☐	☐	☐

☐ Non solicitei ningunha outra axuda para este mesmo proxecto☐ Si solicitei axuda para este mesmo proxecto

<i>Tipo de axuda</i>	<i>Importe</i>	<i>Convocatoria no diario oficial</i>	<i>Data da convocatoria</i>	<i>Data de resolución</i>	<i>Entidade concedente</i>
☐	☐	☐	☐	☐	☐
☐	☐	☐	☐	☐	☐

Lugar e data

, de de

Asdo.:

ANEXO IV

Compromiso da retirada da actividade pesqueira

O/A solicitante

COMPROMÉTESE, caso de ser seleccionado o seu expediente e concedida a axuda por paralización definitiva do buque pesqueiro

a cesar con

carácter definitivo na actividade pesqueira do dito barco, depositando a documentación pertinente e dándose de baixa nos rexistros correspondentes, materializando efectivamente a paralización dentro de prazo, polo procedemento que sinalo a continuación

☐ Despezoamento☐ Assignación definitiva á tarefa non pesqueira seguinte:☐ Reconversión para crear arrecifes artificiais

Así mesmo,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE, que o buque está activo no momento de solicitar esta axuda, comprometéndome a mantelo activo, salvo causa de forza maior ou decisión en sentido contrario, que comunicaría inmediatamente á Administración xestora, ata a resolución deste expediente.

Lugar e data:

, de de

Sinatura:

ANEXO V

Notificación aos tripulantes da concesión da axuda por paralización definitiva

O/A solicitante

beneficiario dunha axuda por paralización definitiva do buque pesqueiro

Concedida por resolución de data

ACREDITO

A notificación formal que consta a seguir, a todos os tripulantes do dito barco, debidamente enrolados no mesmo momento da materialización da paralización definitiva.

Lugar e data:

, de de

Sinatura:

NOTIFICACIÓN AOS TRIPULANTES

Ponse en coñecemento, en cumprimento da normativa autonómica e básica do Estado, o seguinte:

1.- AO PROPIETARIO DO BUQUE PESQUEIRO

CONCEDÉUSELLE UNHA AXUDA POLA SÚA PARALIZACIÓN DEFINITIVA.

2.- COMO TRIPULANTE DO DITO BARCO PODE SER BENEFICIARIO DUNHA AXUDA SOCIOECONÓMICA, PREVISTA NO REGULAMENTO (CE) 1198/2006, DO 27 DE XULLO (DOUE 15 DE AGOSTO DE 2006), SE A SOLICITA E REÚNE TODOS OS REQUISITOS PARA ISTO.

3.- A AXUDA SOCIOECONÓMICA TEN CARÁCTER ESTRUCTURAL, VINCULADA Á REESTRUTURACIÓN DO SECTOR PESQUEIRO E É TOTALMENTE INDEPENDENTE DA RELACIÓN LABORAL ENTRE O TRIPULANTE E A EMPRESA ARMADORA.

Notificado e informado

NOME

DNI

Sinatura:

Notificado e informado

NOME

DNI

Sinatura:

Notificado e informado

NOME

DNI

Sinatura:

Notificado e informado

NOME

DNI

Sinatura:

Notificado e informado

NOME

DNI

Sinatura:

Notificado e informado

NOME

DNI

Sinatura: